Guerra en Corea?

Description

A suspensión dos paquetes turísticos e os voos entre China e Corea do Norte evidencia a gravidade do momento que se vive na península coreana. EUA reiterou que pondera o uso de opcións militares en resposta aos programas nucleares de Pyongyang. As celebracións do 105 aniversario do nacemento do fundador do réxime juche, Kim Il-sung, poderían determinar novas medidas de corte belicista por parte do seu neto, Kim Jong-un, incluíndo unha hipotética sexta proba nuclear ou o lanzamento experimental de novos prototipos de mísiles. Pola súa banda, o recen chegado Trump pronto se fartou da “paciencia estratéxica” do seu antecesor e coa súa alocución de que “o problema de Corea do Norte será atendido”, non dubida en botar máis leña ao lume dunha situación que ameaza con desbordarse. A suma do carácter impredicible dun e outro mantén en albas a toda a rexión e o mundo.

A suspensión dos paquetes turísticos e os voos entre China e Corea do Norte evidencia a gravidade do momento que se vive na península coreana. EUA reiterou que pondera o uso de opcións militares en resposta aos programas nucleares de Pyongyang. As celebracións do 105 aniversario do nacemento do fundador do réxime juche, Kim Il-sung, poderían determinar novas medidas de corte belicista por parte do seu neto, Kim Jong-un, incluíndo unha hipotética sexta proba nuclear ou o lanzamento experimental de novos prototipos de mísiles. Pola súa banda, o recen chegado Trump pronto se fartou da “paciencia estratéxica” do seu antecesor e coa súa alocución de que “o problema de Corea do Norte será atendido”, non dubida en botar máis leña ao lume dunha situación que ameaza con desbordarse. A suma do carácter impredicible dun e outro mantén en albas a toda a rexión e o mundo.

Pero máis aló das fanfurriñas, é posible que nesta ocasión ningunha das partes atravese a liña vermella. Os avisos de China a Corea do Norte foron máis serios que nunca (suspensión de importacións de carbón, restrición das exportacións de petróleo). Pola súa banda, Trump non pode obviar que o sistema de defensa antimísiles THAAD que instala en Corea do Sur -pese ás duras protestas chinesas e rusas- aínda non está operativo e que, ademais, o país vive un momento de grave inestabilidade política trala dimisión da súa presidenta Park e a convocatoria de comicios anticipados. Indudablemente, este clima influirá nos resultados electorais do 9 de maio e quizá reflote as posibilidades dos conservadores en detrimento dos liberais, menos entusiastas do THAAD, evitando un xiro á filipina.

En tanto estes dous problemas non estean resoltos, desaconsellaríase unha acción militar directa, o cal non será óbice para que a presión militar aumente e a atmosfera subseguinte desate unha guerra de nervios e asfixie calquera tentativa de recondución diplomática.

Un hipotético ataque militar a Corea do Norte non podería eliminar de vez as capacidades nucleares de Pyongyang e non quedaría sen resposta. Unha confrontación militar, conduza ou non a unha guerra total, será un pesadelo para toda Asia oriental. Para desnuclearizar a península de Corea, as partes involucradas non teñen outra opción que negociar e facer concesións. A alternativa da guerra só pode agravar os problemas. Non bastan as leccións de Iraq, Siria, Afganistán, Libia, etc? Imaxinar que un conflito destas características pode axudar a resucitar ou reafirmar cuestionadas hexemonías na rexión ou dar ao traste coas pretensións dos rivais estratéxicos é xogar con lume e o balance final podería resultar moi diferente ao esperado.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Korean Peninsula

ETIQUETAS

China EUA desnuclearización Corea Trump

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Observatory of Chinese Politics

Date Created
April 15, 2017
Meta Fields

Autoria :	3717
Datapublicacion :	2017-04-16 00:00:00